



ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL

CENTRO ADSCRITO Á USC

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO EN TRABALLO SOCIAL

(Aprobado pola Xunta de Centro o 14 de outubro de 2021, modificado por acordo da Xunta de Centro o 27 de maio de 2025 e aprobado polo Consello de Goberno da USC o 24 de outubro de 2025.)

O presente Regulamento redáctase ao abeiro da seguinte normativa:

1. Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. (BOE 260, do 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo (BOE 161, do 3 de xullo de 2010).
2. Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela. Aprobado polo Consello de Goberno o 10 de marzo de 2016, modificado polo acordo de 24 de xullo de 2024.
3. Memoria do Título de Grao en Traballo Social.
4. Sistema de Garantía Interno de Calidade do Centro.

Respecto ao Traballo de Fin de grao (en adiante TFG), o Real Decreto 1393/2007, establece no art. 12.3 que *"estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo Fin de Grao"*, engadindo no apartado 7, que *"o traballo de fin de Grao terá un mínimo de 6 créditos e un máximo do 12,5% do total dos créditos do título. Deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título"*.

O citado Real Decreto non recolle disposición algunha sobre o proceso de elaboración e avaliación que, debe ser regulado por cada Universidade, no exercicio da súa autonomía universitaria, establecendo criterios uniformes para todos os títulos oficiais de grao e máster.

A presente regulación complementa á anterior, con carácter de norma interna, coa finalidade de adaptala ás peculiaridades e especificidades deste centro, deseñada conforme ao recollido na Memoria do Plan de Estudos do Grao en Traballo Social da USC.

Para os traballos que requiren da avaliación previa e informe favorable do Comité de Bioética da USC para poder ser levados a acabo, estarase ao disposto na Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais (publicada o 7 de maio de 2021).

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

- 1.1.1. O obxecto da presente norma é regular, o proceso de elaboración e defensa do Traballo de Fin de Grao (en adiante TFG) no Grao de Traballo Social.
- 1.1.2. O TFG é de carácter obrigatorio, ten asignados 8 créditos ECTS e a súa realización contémpase no 4º curso.

Artigo 2. Natureza do TFG

2.1. O TFG consistirá na elaboración, por parte do alumnado, dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos e destrezas adquiridas. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa.

2.2. O TFG supón a realización por parte de cada estudante e de forma individual dun traballo orixinal baixo a supervisión dun ou máis titores académicos, no que se integren e desenvolvan os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante os estudos de Grao. O persoal docente que sexa nomeado titor/a de TFG ten a obriga de asumir esta actividade de titorización conforme ao establecido no presente regulamento, e na xeral da USC.

2.3. O TFG deberá axustarse a algún dos seguintes contidos:

- a) Traballos de investigación relacionados con algunha temática vinculada á titulación.
- b) Traballos de revisión e investigación bibliográfica centrados en diferentes campos relacionados coa titulación.
- c) Deseño dun proxecto de investigación social.
- d) Deseño dun proxecto de intervención social.

2.4. Os traballos deberán estar orientados á aplicación das competencias asociadas á titulación, a capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa área de estudo, para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

Artigo 3.- Órganos do Centro encargados da xestión dos Traballos.

3.1. Para a xestión da materia “Traballo de Fin de Grao”, o Centro designa un/ha **Coordinador/a**.

3.2. A **Comisión do Título** é a encargada de atender as cuestións propias do seu desenvolvemento, e entre as súas competencias están as seguintes:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate, establecendo a porcentaxe da cualificación asignada ao desenvolvemento do traballo, a súa exposición, resposta ás preguntas e outras características de avaliación fundamentais en Traballo Social.
- En función da modalidade de presentación, establecer o tempo máximo do que o estudante disporá para a súa defensa.
- Establecer a convocatoria anual
- Determinar os sistemas de titorización
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e a súa asignación
- Instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do Traballo
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor ou titora asignado
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...)
- Aprobar os tribunais de avaliación e fixar o sistema de rotación, de ser o caso.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais
- Establecer as datas de presentación dos Traballos

- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende

3.3. A Xunta de Centro aprobará a guía docente e os períodos de presentación dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

3.4. As propostas temáticas serán remitidas ao coordinador/a do TFG, que dará traslado das mesmas á Comisión do Título para a súa aprobación.

3.5. Proceso de solicitude de asignación de tema e do titor/a do TFG.

3.5.1 Ao comezo do primeiro cuatrimestre do curso:

- O/a Coordinador/a do TFG remitirá á Comisión de Título para a súa aprobación a listaxe coas propostas temáticas ofertadas.
- A Comisión de Título aprobará e fará pública a listaxe provisoria e a definitiva, tralo peche do período de reclamacións, vía web da titulación e no taboleiro de anuncios.

3.5.2 O alumnado matriculado realizará a solicitude dunha temática da listaxe ofertada, e poderá vinculalo ao Practicum. A solicitude presentase no modelo establecido para este fin.

No caso de ter asignado tema e Titor/a en cursos anteriores, terá que solicitar prórroga, ou ben presentar unha nova solicitude.

3.5.3 En calquera caso, as asignacións realizaranse tendo en conta as opcións temáticas do alumnado, o campo de prácticas cando o TFG se vincule ao mesmo e a modalidade do traballo.

3.5.4 Antes do comezo do segundo cuatrimestre do curso académico no que se realiza a matrícula do TFG:

- A Comisión de Título poderá requirir modificacións e/ou aclaracións das solicitudes do alumnado. Neste caso o estudante deberá presentar nun prazo de dez días, unha nova proposta a consideración, coas modificacións e/ou aclaracións necesarias.
- A Comisión de Título valorará e aprobará as solicitudes, e asignará o/a Titor/a do TFG aos estudantes matriculados.
- A listaxe definitiva das temáticas e dos/as Titores/as asignados ao alumnado, farase pública vía web da titulación e taboleiro de anuncios.

Artigo 4.- Matrícula e convocatorias.

4.1. A matrícula do Traballo realizarase dentro do prazo xeral de matrícula que estableza a Universidade, mediante o abono dos prezos públicos que correspondan conforme aos créditos que teña asignados, máis os que correspondan á inscrición no centro polo seu carácter adscrito.

A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teña pendente de superar para completar os estudos de Grao se é o caso.

Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

4.2. Os alumnos e alumnas de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de intercambios da USC.

4.3. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, salvo os correspondentes ao propio traballo.

O estudantado poderá presentar e defender publicamente o TFG, cando lle queden por superar como máximo 12 créditos ECTS.

O Centro, deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa, aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias, o/a secretario/a do Centro solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar o traballo para ser defendido na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos Traballos.

4.4. A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, máis os que correspondan á inscrición no centro polo seu carácter adscrito, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

4.5. O centro, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretará as datas para a celebración das defensas dos Traballos nos intervalos temporais que fixe o calendario académico. Tamén establecerá as modalidades de presentación e defensa admitidas en cada caso, os instrumentos de seguimento e criterios xerais de avaliación.

O traballo deberá presentarse nos períodos fixados polo calendario académico anual.

4.6. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro para os TFG, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. No caso de obter *non presentado* en todas as oportunidades, considerase consumida a convocatoria. No caso de que o alumnado, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria para a presentación do traballo no curso no que estea matriculado ou non obteña avaliación positiva, deberá formalizar nova matrícula e aboar os prezos correspondentes aos créditos nos cursos académicos seguintes. Para poder realizar unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

4.7. Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes ou un número de créditos pendentes que excedan de 12 créditos, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

Artigo 5.- Do titor/a docente, da súa asignación e da elección do tema do traballo.

5.1. O TFG deberá ter un/unha titor/a que asista ao alumnado na realización do traballo. Por razóns xustificadas, e se a Comisión o estima oportuno, poderá designarse un/ha cotitor/a, ou excepcionalmente dous cotitores/as.

O Centro, velará pola dispoñibilidade de titores/as dos Traballos para cada curso, e a súa asignación ao alumnado matriculado antes do comezo do segundo cuatrimestre ou no primeiro, no caso de presentación na oportunidade de febreiro.

O titor ou titora será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que imparta docencia na propia titulación. A asignación dos/as titores/as aos/as estudantes,

farase en tempo e forma segundo determine a Comisión de Título, dependendo do período en que se matricule o/a estudante e a convocatoria a que vaia a presentarse.

Os/as titores/as programarán as sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerán a programación das tarefas a realizar e orientarán o traballo. Serán responsables de expor ao alumnado as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir **Informe preceptivo e confidencial** sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador ou no suposto de defensa ante titor/a que sirva de evidencia do dito seguimento.

5.2. Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores/as profesorado da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou ad honorem e profesorado doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores/as persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais. Con carácter previo a realizar a cotitoría deberá comunicarse dita circunstancia á Vicerreitoría con competencias na materia, a través do Servizo correspondente indicando a dedicación dos titores/as e cotitores/as.

5.3. Os traballos poderán desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións. Nestes casos a matrícula realizarse na USC pero poderá designarse un cotitor/a que poderá ser persoal do centro ou Institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na EUTS.

5.4. O recoñecemento dos labores de titorización e avaliación de Traballos de Fin de Grao, farase nos termos previstos anualmente na Normativa de Programación Académica Anual da USC.

Artigo 6.-Avaliación

6.1. A avaliación dos traballos farase a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal ou do/a titor/a do TFG.

6.2. Modalidade de defensa ante tribunal. A avaliación por parte dun tribunal deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Os membros dos tribunais serán profesorado da titulación. Os tribunais de avaliación configúranse da forma que estableza a Comisión do Título, atendendo ao número de alumnos e alumnas que solicitaron defensa do seu TFG, e á temática dos diferentes Traballos.
- b) Cada Tribunal estará formado por tres membros e, polo menos, un suplente que substituirá ao membro ausente, conforme ao establecido no artigo anterior.

Os/as titores/as dos traballos avaliados non poderán formar parte dos Tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

- c) En cada Tribunal haberá un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e un/unha Vogal. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o Presidente/a que será o de maior categoría e máis antigo e a Secretaria/o, será o de menor categoría e máis novo. O/a Presidente/a e

Secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións. Procurarase que a participación dos membros dos Tribunais sexa rotatoria, establecendo a Comisión de Título o sistema de rotación.

- d) O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor/a do traballo e ao cotitor/a, así como a profesores/as especializados/as na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto. Poderá constituírse un Tribunal único para a avaliación dos traballos da mesma convocatoria.

6.3. Modalidade de defensa ante titor/a. A avaliación nesta modalidade, deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Deberá ser unha convocatoria de defensa do TFG, na que se indique data e hora, lugar e relación dos traballos que van a ser defendidos baixo esta modalidade.
- b) A cualificación máxima que poderá obterse por este procedemento é 8,5 (Notable)

6.4. A cualificación farase pública no taboleiro que fixe o Centro, e no espazo web da materia TFG, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

Artigo 7.- Modalidade de presentación na defensa do Traballo de Fin de Grao.

A modalidade de presentación para defender os traballos, é a de exposición individual oral ante o tribunal ou ante o/a titor/a do TFG.

Artigo 8.- Entrega e defensa dos Traballos Fin de Grao.

8.1. No caso de defensa ante Tribunal, o/a alumno/a ten que entregar na Secretaría do Centro un exemplar impreso, que quedará a disposición do Tribunal.

Tanto no caso de defensa ante tribunal, como de defensa ante titor/a, o alumno/a ten que entregar tamén unha copia do traballo no formato electrónico que se indique na Guía docente da materia, nos prazos que se determine, e acompañado da documentación que se sinale en cada convocatoria. Unha vez superado o Traballo, a copia en formato electrónico quedará arquivada na Biblioteca do Centro.

No suposto de que o/a alumno/a vincule o seu TFG ao Practicum, entregará unha copia do TFG no servizo onde realizou as prácticas, e xustificante desta entrega na EUTS.

A solicitude de defensa do TFG requirirá o **Informe previo e preceptivo** de titorización por parte do titor/a do traballo, ao que se fai referencia no apartado 5.1 deste regulamento interno.

8.2. A defensa dos traballos será realizada polo estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados pola Comisión de Título, poderá realizarse a defensa polos medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

8.3. O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFG na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade

8.4. A realización, así como a presentación e defensa poderase efectuar en calquera dos idiomas que se utilizaron na impartición do grao conforme ao disposto na Memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma.

8.5. A exposición será oral, individual e coa duración que se estableza para cada convocatoria.

Artigo 9.- Avaliación, cualificación e revisión.

9.1. A cualificación dos traballos realizarase conforme os criterios establecidos na guía da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e as transversais.

9.2. No caso de defensa ante tribunal, este deliberará sobre a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na Guía docente da materia, e axustado ao disposto na Memoria de verificación do título, outorgando a cualificación conforme á seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS).
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP).
- 7,0 - 8,9: Notable (NT).
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)
-

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. Naquelas titulacións nas que se constituíse o Tribunal Único en todas as convocatorias, será este Tribunal Único o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. No caso de existiren dous ou máis tribunais avaliadores, a atribución desta cualificación corresponderá realizala á Comisión do Título, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes.

Si se opta pola defensa ante titor/a, este determinará a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na Guía docente da materia e axustada ao disposto na Memoria de verificación do título, outorgando a cualificación conforme á seguinte escala numérica de 0 a 8,5, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS).
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP).
- 7,0 - 8,5: Notable (NT).

9.3. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisionais. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e no caso de defensa ante Tribunal, poderá realizala un ou varios membros do Tribunal.

En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que tivo lugar, mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Artigo 10.- Xestión das actas.

10.1. Elaborarase unha acta individual por cada alumno/a e traballo e para cada oportunidade na que constará o titor/a académico/a ou cotitores/as, o Tribunal cualificador no seu caso e o título de traballo defendido, así como a súa cualificación e a data de defensa. As actas estarán asinadas polos membros do Tribunal ou polo titor/a, en función da modalidade de defensa elixida.

En caso de imposibilidade de asinar a acta dos TFG por algún dos membros que realizaron a avaliación, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral e asinará a acta o/a coordinador/a do TFG. No caso de imposibilidade deste/a, substituirase polo profesor ou profesora que designe a Secretaría Xeral. En todos os casos farase constar a dita incidencia.

10.2. Os períodos de cobertura de actas serán os que se fixen no calendario académico oficial. No caso dos Programas de *Erasmus Mundus*, poderán establecerse períodos diferentes de avaliación, en función dos acordos debidamente acreditados entre universidades ou do establecido nos correspondentes planos de estudos.

Nestes casos deberase solicitar anualmente a correspondente autorización para a apertura das actas á Secretaría Xeral.

10.3. Finalizado o período de defensa do TFG en cada curso académico, xerarase de xeito automático unha **Acta consolidada** (acta final) para a materia, que conterá a todo o alumnado matriculado na materia de TFG coas cualificacións que en cada caso lles correspondan polas actas individuais, o alumnado non presentado, e as mencións e as cualificacións obtidas polo alumnado de intercambio. Esta acta será asinada polo coordinador/a do TFG nos prazos establecidos pola USC.

10.4. O alumnado matriculado que non teña solicitado a defensa en ningunha das oportunidades, figurarán na acta consolidada coa mención “non presentado”. Nesta acta conxunta tamén se incorporarán as mencións de “Matrícula de honra” conforme ao establecido no artigo anterior.

Artigo 11.- Dereitos do alumnado

11.1. A propiedade intelectual do traballo correspóndelle ao alumno/a que o realizou.

11.2. No caso de realizarse traballos no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Nestes casos, e sempre que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou no caso de que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual que non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos, actuarase do seguinte modo: entregaranse dúas versións do traballo do TFG: a reducida, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de segredo ou confidencialidade; e o exemplar completo que se entregará baixo compromiso de confidencialidade.

O exemplar reducido será o que se utilice para ser autorizada a súa defensa e deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública. A versión completa entregarase aos membros do tribunal para a súa avaliación. O/A titor/a e os membros do tribunal no

seu caso deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente. Se o tribunal desexa formular cuestións sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse nunha sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.

O exemplar do traballo non será obxecto de publicación no repositorio institucional da USC (Minerva) ata que sexan realizadas as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade.

11.3. Unha copia electrónica dos traballos superados quedará no Centro para o seu arquivo e consulta, e poderán ser utilizados na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica á súa autoría. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito.

11.4. A Comisión de Título do Centro poderá propoñer a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (Minerva), e en especial propoñeranse os do alumnado que acaden a mención de matrícula de honra. Os/as autores/as dos traballos propostos, co visto e praxe do/a titor/a deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

Artigo 12.- Deberes do alumnado

12.1. Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización. Para os casos de realización fraudulenta do TFG será de aplicación o recollido na normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

12.2. O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e terá que poñerse en coñecemento do órgano correspondente a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da citada normativa.

12.3. Con carácter previo á emisión do Informe favorable para a defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a comisión con competencias no TFG considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarse o indicado no parágrafo anterior.

DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado polo Consello de Goberno da USC.

O contido desta normativa complétase co resto de regulamentacións e procedementos da USC que se atopen en vigor, entre outras, a Normativa sobre Permanencia nas titulacións de grao, a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, o Regulamento da USC dos intercambios interuniversitarios de estudantes, e as Normas de planificación académica anual.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogado O Regulamento do Traballo de Fin de Grao en Traballo Social da EUTS, aprobado pola Xunta de centro o 10 de maio de 2011.